

Ano 2012

Volumen 1 Número 4

Xuño-Agosto

Publicación Trimestral



Cruz Vermella Española de Ocio Terapéutico na sede da Asociación ANDREA en San Salvador

Máis de 40 usuarios en desvantaxe de **Cruz Vermella Española** visitaban esta semana as instalacións da Asociación ANDREA na súa nova sede en San Salvador dos penedos, situada no corazón da Reserva da Biosfera "Área de Allariz", onde tiveron a oportunidade de coñecer e disfrutar do marabilloso entorno e da compañía dos nosos Burros de Terapia.



Cruz Vermella, ademais de reforzar os programas habituais de atención social e de loita contra o desemprego e a discriminación no mercado laboral, dende 2008 está a desenvolver un esforzo cada vez maior na atención de emerxencias sociais, a través de respostas básicas como a repartición de alimentos, roupas, e aparellos, alimentación infantil, material escolar, e outras como o apoio social con grupos especialmente vulnerables...

Xuntos, traballando polas persoas e colectivos máis desfavorecidos.

Nacen en San Salvador Mario e Basilio, dous novos burriños da Asociación ANDREA



O pasado 18 de Marzo nacían en San Salvador dous novos burriños da Asociación bautizados como Mario e Basilio. Mario é un burriño pertencente á raza de "Las Encartaciones" a raza máis ameazada do mundo, e con el son xa seis os asnos desta raza que viven na sede de San Salvador, xunto con outros burros. Basilio e Mario son ademais un atractivo engadido ao precioso entorno declara-

do Reserva da Biosfera onde se encontra a Sede da Asociación ANDREA, e onde a Televisión de Galicia tivo xa o pracer de visitar en varias ocasións, e coñecer "in situ" o carácter tranquilo, cariñoso e xoguetón de Basilio e Mario.

CONTIDOS

| | |
|---|---|
| Clausúrase con éxito un novo Curso de Formación | 2 |
| Terapia Asistida con Animais e Alzheimer | 2 |
| Máster en Intervención Multidisciplinar | 2 |
| ANDREA beca a mulleres desempregadas de Allariz | 3 |
| A UNED convida a ANDREA coma Poñente | 3 |
| Nenos con Autismo de Lugo visitan ANDREA | 3 |
| Apartamentos Rurais en San Salvador | 4 |
| Un Proxecto que levanta interese | 4 |
| Ciclo de Formación en colaboración coa Universidade | 4 |



ANDREA ASOCIACIÓN
AS NOSAS NOVAS

Reseva xa a túa praza

Ciclo Formativo de Terapia Asistida con Animais 2012

en colaboración **Universidade de Vigo**



Próximos Cursos

Curso de Terapia Asistida con Asnos
10, 11 y 12 de Agosto 2012

Curso de

Conocimiento, Manejo y Comunicación con los Asnos

14, 15 y 16 de Septiembre 2012

Módulo en Prácticas Reales de Intervención con Colectivos en Desventaja

Mayo a Octubre 2012

FORMACIÓN ESPECIALIZADA

Informate en:

www.andreasociacion.org

Tel. 988 442 534

Móvil 696 971 670



Colaboran:



Clausúrase con éxito un novo Curso de Coñecemento, Manexo e Comunicación cos Asnos para programas terapéuticos, educativos, de ocio e ambientais.



Momentos durante a clausura do **VI Ciclo Formativo** en colaboración coa Universidade de Vigo, onde os participantes foron introducidos na aplicación dos asnos como ferramenta de mediación e experimentaron un axeitado manexo do animal para as diferentes actividades: terapéuticas, de ocio, educativas ou ambientais.




Un curso impartido por expertos en manexo e comunicación cos asnos con máis de vinte anos de experiencia en manexo e comportamento asnal, onde os participantes gozaron do carácter práctico do ensino.

Terapia Asistida con Animais e Alzheimer



Debido os beneficios acadados nos tres anos anteriores, a **Asociación ANDREA** pon en marcha por cuarto ano consecutivo os **Programas de Psicoestimulación Multifuncional Asistidos con Asnos** para os usuarios e usuarias da **Asociación AFAOR** (Asociación de familiares de persoas afectadas pola enfermidade de Alzheimer de Ourense) na súa sede de San Salvador dos Penedos.



Máster en intervención Multidisciplinar na diversidade en contextos educativos



Momentos na sede da **Asociación ANDREA** durante a nosa intervención no **Máster en Intervención Multidisciplinar na diversidade en Contextos Educativos**, da **Universidade de Vigo**. Facultade de Ciencias da Educación, Campus de Ourense.



A Asociación ANDREA beca a mulleres desempregadas de Allariz



A Área de Benestar Social da **Asociación ANDREA** beca a oito mulleres desempregadas do Concello de Allariz que participan no Programa de Inserción Social e Laboral "Clara", proxecto de colaboración entre o Instituto da Muller e o **Concello de Allariz**, cuxo obxectivo é favorecer a integración das participantes no mercado laboral.



Oito das cincuenta mulleres que participan no **"Programa Clara"** tiveron a oportunidade de gozar dunha **Bolsa de Formación Profesional** que subvenciona o 100% dos custos do **Curso de Formación Especializada en Terapia Asistida con Asnos** (valorado en 495 € por participante), que imparte a **Asociación A.N.D.R.E.A.** en colaboración coa **Universidade de Vigo** na súa sede de San Salvador, co obxectivo de mellorar a súa especialización profesional nun campo no que aumenta a demanda de profesionais axeitadamente formados, e contribuír así a favorecer a súa integración no mercado laboral.

A UNED convida a Asociación ANDREA coma poñente

A **Universidade a Distancia (UNED)** convida á **Asociación ANDREA** a presentar o seu innovador **Programa de Estimulación Multifuncional Asistido con Animais** para persoas con discapacidade no **II Curso en Intervención Educativa en Persoas con Discapacidade** que se celebrou o pasado mes de Marzo no Salón de Actos, AIXIÑA, en Ourense.

O Curso estivo recoñecido como 1 crédito de libre elección para o alumnado da UNED.

Nenos e xovenes con Autismo da Provincia de Lugo visitan ANDREA

A **Asociación Raiolas**, unha Asociación de pais e nais de persoas con Autismo e outros Trastornos Xeneralizados do Desenvolvemento (T.G.D), pasaron en Allariz unha fin de semana de **Ocio Terapéutico**. Nas instalacións da **Asociación ANDREA** en San Salvador dos Penedos programáronse as sesións de Mediación Terapéutica Asistida cos burriños da Asociación. Así mesmo puideron coñecer e disfrutar dunha sesión de muxidura na granxa de vacún ecolóxico en Torneiros, e do sempre cálido e amable recibimento dos seus propietarios, aos que unha vez máis lles facemos chegar a nosa gratitude por estar sempre aí para nós e para os colectivos desfavorecidos.





**San Salvador 22
32660 Allariz
Ourense**

Teléfono: 988442534
Móvil: 696971670

andreaasociacion@gmail.com


**Mellorando a calidade de vida
dos colectivos desfavorecidos.**

ESTAMOS NO WEB:

www.andreaasociacion.org

Próxima Inauguración dos Apartamentos rurais en San Salvador

Proximamente a **Asociación ANDREA** tras un convenio de colaboración co **Concello de Allariz**, inaugurará os apartamentos rurais en San Salvador coa intención de poder aloxar prioritariamente aos colectivos en desvantaxe nas terapias residenciais, aos alumnos dos cursos de formación, así como ás familias que queiran gozar duns días no corazón da Reserva da Biosfera "Área de Allariz" en compañía dos 19 burriños da Asociación, fonte inesgotable de tenrura.



Un Proxecto que levanta interese

Alumnos e alumnas de 3º curso de **Enxeñaría Técnica Agrícola da Escola Politécnica Superior-Universidade de Santiago de Compostela**, do Campus de Lugo visitan as instalacións da **Asociación ANDREA** situadas en San Salvador, unha aldea recuperada, rehabilitada e rehabilitada no corazón da Reserva da Biosfera, para coñecer de preto o noso proxecto. A **Asociación ANDREA** enmárcase dentro dun proxecto integral de apoio ao desenvolvemento rural baseado principalmente na posta en marcha de servizos de benestar social e aproveitamento dos recursos naturais.

Ciclo de Formación Especializada en colaboración coa Facultade de Ciencias da Educación Universidade de Vigo

Acorde co auxe dentro do mundo científico das Terapias Asistidas con animais e dada a necesidade de impartir unha formación especializada, desde o Centro Pioneiro en España de Asinomedicación e Terapia Asistida con Burros para persoas en desvantaxe física, psíquica e/ou social, a **Asociación ANDREA** ofrece un dos máis completos ciclos formativos sobre esta nova e beneficiosa especialidade.

Os nosos cursos e seminarios de Terapia Asistida con Animais están deseñados para poder ofrecer ós participantes a mellor calidade en formación, proporcionando os coñecementos necesarios para poder utilizar animais dentro de diferentes procesos educativos e terapéuticos como unha innovadora ferramenta, e poder implantar programas terapéuticos con Animais con diferentes colectivos.

Este ciclo formativo está reconecido como créditos de libre elección si eres estudiante Universitario.

A maior parte dos nosos cursos teñen un formato persoalzado en grupos reducidos para garantir unha boa calidade de ensinanza. Posto que a finalidade da nosa formación é profesional, incluímos nos cursos a realización de prácticas tanto de simulación como reais, participando co noso equipo terapéutico en programas de intervención, para que así os participantes podan rematar o seu ciclo formativo cunha experiencia profesional previa. Adaptamos tamén os cursos ás necesidades de entidades concretas que nos soliciten formación para o seu persoal, voluntariado...



FORMACIÓN PROFESIONAL

TERAPIA ASISTIDA CON ANIMAIS

www.andreaasociacion.org

Si queres publicitarte neste boletín gratuíto, e colaborar deste xeito a mellorar e aumentar o número de exemplares, contacta con nós (arriba a esquerda). Por pequena que sexa a túa aportación será de gran utilidade.